

EPA "EDUARDO PONDAL"
CURSO 2025-26
DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
"ECONOMÍA" 1º Bacharelato

HORARIO TUTORÍA LECTIVA	<i>Grupo mañá: mércores 12:15 – 13:00 (Aula 3.2)</i> <i>Grupo tarde: Luns 18.15 – 19.00h(Aula 3.3)</i>
HORARIO TUTORÍA DE ORIENTACIÓN	<i>Mércores: 11:30h – 12:15h</i> <i>Venres 10.45h – 12.15h</i> Todas en seminario 2 <i>Luns 17:30 a-18:15h</i>
PROFESORA	<i>Nuria Ribet López</i>
COORDINADOR BACHARELATO	<i>Fernando Díaz-Castroverde.</i>
AULA VIRTUAL da EPA	<i>http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduardopondal/</i>
TELÉFONO DO CENTRO	<i>881 960901</i>

1. MATERIAIS E RECURSOS.

- Aula Virtual da EPA: <http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduardopondal/>

2. UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS.

Avaliación	Sesións	Unidades didácticas
1ª	1ª	UD1. Economía: a ciencia das decisións.
	2ª	UD1. Economía: a ciencia das decisións.
	3ª	UD2. Crecemento e organización.
	4ª	UD2. Crecemento e organización.
	5ª	UD3. A produción
	6ª	UD3. A produción
	7ª	UD3. A produción
	8ª	UD4. O mercado
	9ª	UD5. O mercado.
	10ª	UD5. Tipos de mercado
	11ª	UD5. Tipos de mercado

Avaliación	Sesións	Unidades didácticas
2ª	1ª	UD6. O mercado de traballo.
	2ª	UD6. O mercado de traballo.
	3ª	UD7. Indicadores e equilibrio macroeconómico.
	4ª	UD7. Indicadores e equilibrio macroeconómico.
	5ª	UD8. O papel do Estado.
	6ª	UD8. O papel do Estado.
	7ª	UD9. Política fiscal.
	8ª	UD9. Política monetaria

Avaliación	Sesións	Unidades didácticas
3ª	1ª	UD11. O sistema financeiro,
	2ª	UD11. O sistema financeiro.
	3ª	UD12. O sistema financeiro.
	4ª	UD12. O comercio internacional.
	5ª	UD1. O Comercio internacional.
	6ª	UD13. Retos da economía mundial.
	7ª	UD13. Retos da economía mundial.

3. MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN.

UD1. Economía: A ciencia das decisións.

- Recoñece o problema económico básico: recursos escasos e necesidades ilimitadas.
- Identifica os diferentes métodos para a análise da realidade económica. Identifica na economía condutual as desviacións da racionalidade económica.
- Interpreta modelos simples da realidade económica.
- Distingue entre economía positiva e economía normativa.
- Identifica os contidos asociados á unidade na realidade económica empregando os medios de difusión habituais no alumnado e reflexiona sobre as posibles solucións aos retos que se expoñan.

UD2. Crecemento e organización.

- Identifica os sistemas económicos no ámbito nacional e internacional.
- Describe a asignación de recursos nos diferentes sistemas económicos.
- Sintetiza as vantaxes e inconvenientes dos diferentes sistemas económicos.
- Identifica os fallos do mercado e as solucións propostas polos diferentes sistemas económicos.
- Representa o fluxo circular da renda e explica os efectos das decisións dos axentes económicos.
- Identifica os fluxos reais e monetarios entre os distintos axentes que interveñen na actividade económica definindo o seu papel na economía dun país.
- Analiza o papel do Estado nos distintos sistemas económicos.
- Valora o papel dos axentes económicos no fluxo circular da renda.
- Explora a resposta dos sistemas económicos actuais á asignación de recursos.

UD3. A produción.

- Identifica os obxectivos da empresa. Identifica os elementos que participan na análise custo-beneficio
- Describe o papel da empresa no esquema do fluxo circular da renda.
- Identifica as estratexias de responsabilidade social corporativa de diferentes empresas da contorna.

UD4. O mercado.

- Define as variables que afectan á oferta e á demanda.
- Calcula e interpreta o equilibrio no mercado.
- Calcula e interpreta a elasticidade da oferta e da demanda.

UD5. Tipos de mercado.

- Entende o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que nel se realizan.
- Analiza os elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados.

UD6. O mercado de traballo.

- Entende o funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo.
- Identifica os tipos de desemprego.
- Identifica os efectos e medidas correctoras.
- Define e analiza as causas da brecha salarial.

UD7. Indicadores e equilibrio macroeconómico.

- Describe o equilibrio macroeconómico.
- Identifica os fallos de mercado.
- Valora a repercusión dos fallos de mercado a nivel microeconómico.
- Identifica medidas que integran a política macroeconómica.

UD8. O papel do Estado.

- Identifica os fallos do mercado. Define a política macroeconómica e identiica os diferentes tipos como solución aos fallos do mercado.
- Define o estado do benestar.
- Identifica as fontes de financiamento do estado do benestar.
- Valora a necesidade de intervención do Estado como resposta aos fallos de mercado.
- Recoñece e valora, na práctica, os instrumentos e limitacións dos diferentes modelos do estado do benestar.

UD9. A política fiscal.

- Entende o principio de solidariedade e impostos.
- Describe o déficit público, a débeda pública e os seus efectos.
- Identifica as fontes de financiamento do déficit público.
- Identifica os compoñentes dos orzamentos xerais do Estado. Identifica as razóns da existencia da economía mergullada e o seu impacto o estado do benestar.
- Entende a política fiscal.

UD10. A política monetaria.

- Define a política monetaria .
- Entende o funcionamento do mercado monetario.
- Comprende a inflación e as súas causas.
- Explica o efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.

UD11. O diñeiro e o sistema financeiro.

- Explica o papel do diñeiro. Identifica os intermediarios financeiros e os produtos obxecto de intercambio.
- Coñece e comprende como funciona o sistema financeiro.
- Analiza a evolución do panorama financeiro. Identifica a tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación.
- Manexa conceptos básicos das finanzas persoais nun contexto dixital.
- Identifica o papel dos bancos na economía.
- Entende o funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos.
- Explica o seguro.

UD12. O Comercio internacional. A integración económica. A Unión Europea

- Analiza a repercusión das decisións económicas e valora os procesos de integración económica.
- Valora argumentos a favor e en contra do libre comercio e o proteccionismo.

- Define os diferentes niveis de integración económica. Coñece o funcionamento do comercio internacional.
- Recoñece os efectos na economía dos países dos distintos niveis de integración económica.
- Recoñece as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración europeo.
- Analiza con espírito crítico os efectos da integración na economía mundial.

UD13. Desequilibrios da economía mundial.

- Describe os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) como resposta aos retos económicos actuais. Coñece e valora a estratexia española de desenvolvemento sostible 2023.
- Identifica os factores explicativos da globalización, oportunidades e riscos.
- Identifica as externalidades do fluxo circular da renda. Coñece os indicadores de desenvolvemento e relacións co benestar e a calidade de vida.
- Analiza de forma práctica as respostas dos procesos de integración económica aos retos actuais.
- Identifica as causas da pobreza e propón solucións. Valora as implicacións socioeconómicas dos fluxos migratorios.
- Analiza os indicadores de desenvolvemento de diferentes países.
- Valora diversas medidas que poidan contribuír á sostenibilidade do estado do benestar. Comprende os actores e consecuencias da nova economía derivadas da revolución dixital.
- Valora a economía colaborativa como alternativa menos desperdiciadora de recursos. Valora a importancia da implantación dunha economía circular.
- Identifica os principios básicos da teoría do decrecemento económico.

4. AVALIACIÓN.

Ao longo do curso académico se levarán a cabo tres avaliacións nas datas sinaladas polo centro educativo e que se poderán consultar na páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro.

DATAS PREVISTAS PARA AS EXAMES DE AVALIACIÓN DE 1º DE BACHARELATO PARA O CURSO 2025/2026
1ª AVALIACIÓN: 9 Diciembre -13 Diciembre.
2ª AVALIACIÓN: 9 Marzo - 21 Marzo.
3ª AVALIACIÓN: Exame da 3ª avaliación de Economía para o alumnado matriculado en 2º de Bacharelato que a teña pendente de 1º de Bacharelato: do 27 Abril ao 4 de Maio (consultar páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro) Exame da 3ª avaliación e ordinaria II de Economía: 18 Maio - 22 Maio.

4.1 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Se empregarán os seguintes instrumentos de avaliación:

- **PROBAS ESCRITAS -PE-** (Ponderación: **90%** na nota de cada avaliación).
Cada proba escrita abarcará as unidades didácticas que forman parte da programación da materia para ese período avaliativo, salvo que por circunstancias xustificadas isto non fora posible, en cuxo caso se procederá a avaliar aqueles contidos impartidos ata a semana previa á realización dos correspondentes exames da avaliación.
- **TRABALLO NA AULA** (Ponderación: **10%** na nota de cada avaliación):
Enténdese por traballo na aula a participación e interese nas actividades realizadas ao longo do período de titoría, dirixidas a coñecer o nivel de consecución dos coñecementos mínimos

necesarios para superar a materia, así como a realización de tarefas grupais ou individuais que propoña o docente.

4.1.1. TIPOLOXÍA DAS PROBAS ESCRITAS.

Constará de preguntas sobre a teoría contida nas unidades didácticas programadas para o trimestre e explicada na aula. A proba poderá ser de resposta múltiple, restando as respostas erradas, preguntas curtas e preguntas curtas sobre un texto relacionado cos contidos a avaliar. Conterá ademáis preguntas de contido práctico, no caso de que estean presentes nas unidades didácticas programadas para o trimestre, e desenroladas na aula.

A nota final virá indicada numericamente, debendo obterse unha nota mínima de 5 sobre 10 para poder superala.

4.1.2 .NÚMERO DE PROBAS ESCRITAS.

- Mínimo unha proba escrita por trimestre e máximo dous. Califica con nota numérica de 0 a 10.

A cualificación da avaliación de cada trimestre se calculará como media aritmética das puntuacións destas probas escritas.

Para facer media é necesario acadar unha nota mínima de 3,5.

Entenderase superada a avaliación cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

- Proba de avaliación final ordinaria. Unha no mes de Xuño, nas datas que determine o centro.

Dirixida a :

*Os alumnos que non acadaran 5 puntos nas probas escritas realizadas antes da avaliación ordinaria.

*Os alumnos que non se presentaran as probas escritas realizadas antes da avaliación ordinaria sen causa xustificada.

Na proba final ordinaria o alumnado se examinará das avaliacións que non superou durante o curso.

A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais.

Entenderase superada a avaliación ordinaria cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios de cálculo de media descritos para as probas trimestrais.

- Proba de avaliación extraordinaria. Unha logo da avaliación final do período ordinario nas datas que determine o centro.

Dirixida a :

*Os alumnos que non acadaran 5 puntos na avaliación ordinaria.

*Os alumnos que non se presentaran as probas da avaliación ordinaria sen causa xustificada.

Na proba final extraordinaria o alumnado se examinará de toda a materia.

Entenderase superada a avaliación extraordinaria cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

4.2. CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

O alumnado que acade a promoción a segundo curso coa materia pendente debe matricularse nela e cursala ao longo do curso.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

As titorías presenciais, son de dous tipos: titorías lectivas e titorías de orientación:

As **titorías lectivas**. Unha titoría semanal de asistencia obrigatoria para o alumnado. Dedicarase a tratar co alumnado os aspectos fundamentais da materia correspondente.

As **titorías de orientación**. Dúas por semana os venres entre as 10:45 e as 12:15. Dedicarase a resolver dúbidas e proporcionar a orientación necesaria para o mellor aproveitamento do estudo autónomo do alumnado.

IMPORTANTE:

A temporalización das unidades didácticas é aproximada.
No que respecta ao material de traballo e exercicios para a práctica, serán colgados no curso "ECONOMÍA" da aula virtual do centro.